



## BANDO DA ALCALDÍA

*José Antonio Pérez Valado, na súa condición de Alcalde deste Concello.*

### **FAGO SABER:**

Que se teñen recibido neste Concello diversas queixas por inmobles en mal estado colindantes con vivendas.

Considerando que a situación destes inmobles poden provocar danos de grave repercusión económica, material ou persoal, tales como:

- a) Danos nas vivendas colindantes.
- b) Danos na saúde das persoas que circulan polos camiños por desprendementos de cascallos-
- c) Posibles incendios debido ás malezas existente no interior destes.

Considerando a gravidade da contía económica e persoal dos posibles danos, coa correspondénte responsabilidade penal e administrativa dos propietarios dos inmobles.

***Resultando que a Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aprobas o Regulamento da dita Lei; outorga competencias nesta materia, e en particular a posibilidade de impor multas reiterativas administrativas de 1.000,00 € a 10.000,00 €.***

### **PREGASE AOS PROPIETARIOS DOS DITOS INMOBLES**

**Que no prazo de tres meses, a contar desde a publicación deste Bando, se proceda a tomar as medidas correctoras axeitadas no sitios inmobles aos efectos de evitar denuncias entre particulares e as situacións sinaladas con anterioridade.**

*Transcorrido o dito prazo, sen tomar as medidas sinaladas, este Concello notificará aos propietarios afectados e exercera as competencias sinaladas con anterioridade na Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aprobas o Regulamento da dita Lei;*

**No suposto ser varios os propietarios dun inmovle, a notificación dun deles, implica a responsabilidade de cada un dos copropietarios.**

Este bando ten como obxecto lembra a responsabilidade dos propietarios dos ditos inmobles nos efectos sinalados con anterioridade, limitándose a do Concello ao exercicio das súas competencias (entre as que se a topa esta comunicación).

**Para calquera información, aclaración sobre este asuntos o Alcalde e os Concelleiros estarán a disposición das persoas afectadas os sábados de 9 a 12 horas (Pregase confirmen cita previa no teléfono 988430600).**

O que se comunica aos efectos do seu xeral coñecemento, na data da súa sinatura dixital.

O ALCALDE

76747390R JOSE  
ANTONIO PEREZ (R:  
P3208500C)

Firmado digitalmente por  
76747390R JOSE ANTONIO PEREZ  
(R: P3208500C)  
Fecha: 2024.08.20 13:04:04 +02'00'

### **Concello de Vereia**

Estrada de Bangueses, 2, Carballo. 32813 Vereia (Ourense). Tfno. 988430600. Fax 988430842

Email: [concello.verea@eidolocal.es](mailto:concello.verea@eidolocal.es) Páxina Web: [www.concellodeverea.com](http://www.concellodeverea.com)